

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 6 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE REDONDELA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 6 á que se refire a presente memoria é o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Redondela, asinado o 9 de decembro de 2019, modificado polas addendas núm. 1, 2, 3, 4 e 5, do 5 de outubro de 2020, 18 de xuño de 2021, 20 de xuño de 2022, 19 de xullo de 2023 e 7 de xuño de 2024, cuxo obxecto é a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 30 de maio de 2027, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



4.- Obxecto

O obxecto da addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Redondela, para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Redondela mediante escrito do 16 de outubro de 2025 solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 16 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, considerando a complexidade da elaboración e tramitación do instrumento de planeamento obxecto do convenio de colaboración e, tendo en conta a data de sinatura do mesmo, procede determinar o réxime de prórrogas aplicables ao acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura. A directora xeral de Urbanismo.
María Encarnación Rivas Díaz

